



Valdoviño



VALDOVIÑO

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/000002**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e cinco, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 36 de data 27 de xaneiro/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretario don Rafael Jose Del Barrio Berbel en réxime de acumulación de funcións na secretaría do Concello de Valdoviño (Resolución da DXAL de 4.12.2024).

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14.01.25 (ORDINARIA).-**

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 14.01.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.-APROBAR A PARTICIPACIÓN NA SUBVENCIÓN PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACION DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS: “LER CONTA MOITO 2025”, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/A003/000002.-**

“Vista a “Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT236A)” que se publica no DOG no 3 de martes 7 de xaneiro de 2025.

### **PROPONSE**

Participar en dita convocatoria para programar actividades de dinamización da lectura na Biblioteca Pública Municipal de Valdoviño, biblioteca pública de titularidade municipal

integrada na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, sobre a base do catálogo LER CONTA MOITO 2025 de actividades de animación á lectura que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon a disposición con tal fin.

Solicítase un mínimo de dúas actuacións para realizar antes do 31 de outubro que, de ser o caso serían financiadas por este programa ata un 75% tendo que aportar o concello o restante 25% dando cumprimento a estos e os demais requisitos da convocatoria e asumindo que no caso de non resultar beneficiados da subvención, o concello asumirá o custo do total do programa cos seus propios fondos ata un importe total máximo de 2.000,00 euros dous mil euros).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 22 de xaneiro de 2025.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/A003/000002).**

**3º.-APROBAR A PARTICIPACION NA SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/A003/000003.-**

“Vista a Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura , integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento (CT235A), publicada no DOG número 8 de martes 14 de xaneiro de 2025

#### **PROPONSE,**

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Consellería de Cultura, Linguaxe e Xuventude a través do procedemento CT235A subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico (programa A) e para subvención para a mellora das coleccións bibliográficas (programa B), ao abeiro da convocatoria indicada.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 22 de xaneiro de 2025.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/A003/000003).**

**4º.- APROBACIÓN DO SERVIZO DA INTÉRPRETE (LINGUA DE SIGNOS), PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/S011/000002.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS**

Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos e visto o informe técnico da Educadora social dos Servizos Sociais Comunitarios que se transcribe a continuación:

**“INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE INTÉRPRETE (LINGUA DE SIGNOS)**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello de Valdoviño, en relación á necesidade dun servizo de intérprete en lingua de signos*

**INFORMO:**

*PRIMEIRO. O Concello de Valdoviño pon en marcha o proxecto “Nenas e Nenos” de Educación Sexual Básica, nos centros educativos municipais. No marco desta actividade, organízanse dúas sesións de formación para familias, que terán lugar os días:*

*-Mércores 29 de xaneiro (16:30 -18:30)*

*-Martes 4 de febreiro (17:30 – 18:30)*

*SEGUNDO. Que debido á necesidade que unha familia veciña de Valdoviño ten, especialmente no ámbito escolar e sociofamiliar, solicítase repetidamente o servizo de intérprete, co fin de promover unha integración normalizada nos seus contextos de participación.*

*TERCEIRO. Que dende o Departamento de Servizos Sociais valórase fundamental garantir a accesibilidade a toda a veciñanza e que vexan respectados os seus dereitos, motivo polo que se informa novamente da necesidade de impulsar convenios de colaboración con entidades que ofrezan as garantías mencionadas.*

*CUARTO. Que ao non existir o dito Convenio tómase de referencia o orzamento presentado pola Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra para proporcionar o servizo solicitado, o cal ascende á cantidade de 360 euros.*

*Infórmase para que sexa retido o crédito correspondente e aprobado o gasto presentado.*

***Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios (colexiada nº 3545)”***

**PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local a aprobación do servizo de intérprete que se expón por importe de 360 euros coa Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento,

O alcalde,

Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación do contrato de servizos da Intérprete en Lingua de Signos coa Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra con CIF A28281368, por importe de 360 € durante o ano 2025. (Expediente 2025/S011/000002).

**5º.-EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO: LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/U007/000002.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO.**

**Expte. 03/2017 .-** [REDACTED] **en representación de** [REDACTED]

[REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de edificio sito en **C/ Imeldo Corral- Porta do Sol**, parroquia de Valdoviño. Concello de Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 24/1991, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/12/1997 para a legalización das obras de edificio de baixo e plantas altas mais baixo cuberta.

O 20/05/2005 por acordo da Xunta de goberno local concedeselle licenza de obras para as “obras de reforma interior da planta segunda, terceira, cuarta e baixo cuberta para 4 vivendas en edificio existente”

O 22/01/2007 por Resolución de Alcaldía concédese licenza municipal. para “obras de reforma de portal de acceso a edificio de vivendas, para adaptalo á normativa de accesibilidade (obras complementarias ás solicitadas no exp. 70/2005)” (exp. 271/2006).

Visto o informe do **Arquitecto Municipal** de data **23/01/2025** no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto.

Con todo, e en canto aos usos para desenvolver nos espazos existentes en planta soto, planta baixa e planta primeira do edificio non relacionados co uso residencial, e dado que na documentación dos proxectos para os cales se obtivo licenza non se especificaba a que se ían a destinar, deberase tramitar o correspondente título habilitante de natureza urbanística.e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder ao peticionario [REDACTED] **en representación de BELLÓN Y CIA SL** a licenza de 1ª ocupación de edificio sito en **C/ Imeldo Corral- Porta do Sol**, parroquia de Valdoviño. Concello de Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro , do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

**Segundo.-** Practicáraselle a liquidación da **taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación**, cuxo importe é de **107,43 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 09/12/2022.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportuno.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde, Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/U007/000002).**

**6º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO: LICENZA DE EDIFICACIÓN, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/U022/000004.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA PRÓRROGA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

Nº Expediente: 34/2020

Asunto: 2ª Prórroga de Licenza de edificación

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/04/2020 polo que se concedeu a [REDACTED] licenza para as obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no Lugar de A Escola, parroquia de Villarrube (expediente 34/2020). Outorgouselle un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 5/10/2020.

En data 15/05/2023 solicítase polo promotor unha prórroga da licenza de obra outorgada, concedense a mesma mediante acordo de Xunta de Goberno Local de 08/06/2023.

O 13/05/2024 se solicita unha nova prórroga por parte do promotor.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 21/01/2025 no que conclúe: *“Por todo o anteriormente exposto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe, infórmase a solicitude de prórroga de licenza realizada como Favorable.*

*A solicitude de prórroga faise por un prazo de 24 meses e, por tanto, non supera o prazo inicialmente acordado que era de trinta e seis meses.”.*

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a **prórroga de licenza de obras** para a construción de vivenda unifamiliar, sita no no Lugar de A Escola, parroquia de Villarrube (expediente 34/2020). Esta prórroga se concede por un prazo de **24 meses**, non superando o acordado o inicialmente acordado que era de trinta e seis meses.

**Segundo.-** Aprobar a **liquidación de taxas** que ascende á cantidade de **48,08 €**.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

Valdoviño na data da sinatura á marxe,  
O alcalde, Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/U022/000004).**

#### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo polo secretario e polo alcalde/*